



SERVIZO DE FACENDA E PATRIMONIO NEGOCIADO DE PATRIMONIO

REF. 2018025008

A concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi, con data 18-02-2022, aprobou unha resolución que transcrita dí como segue:

“Examinado o informe proposta elaborado pola xefatura de servizo de Facenda e Patrimonio, en data 16 de febreiro de 2022, e que literalmente transcrito di:

“**INFORME-PROPOSTA**

Primeiro.- O monte de Brión é un ben comunal do Concello de Ferrol que está integrado polas parcelas 1 e 2 do polígono 33, e que ten unha superficie de 231,27Ha. Segundo o deslinde realizado en 1960 o aproveitamento e goce deste ben corresponde ao común da veciñanza das parroquias de San Román de Doniños e Santa María de Brión, que exercen ou seu dereito nos termos dá Ordenanza reguladora dos aproveitamentos comunais do Monte de Brión(BOP 175 de 16.09.2019).

Segundo.- O artigo 22 da Ordenanza reguladora dos aproveitamentos comunais recoñece a posibilidade de que os veciños titulares do dereito de explotación constitúan unha entidade asociativa de veciños. O 02.04.2011 constitúese a asociación Montes Comunais do Chá , CIF G70291141, hoxe Asociación Montes Veciñais do Cha.

Posteriormente, por resolución de data 21-01-2020 aprobouse o padrón de comuneiros/as que ían exercer comunitariamente o dereito aos aproveitamentos dos montes comunais do Cha (monte de Brión)

Terceiro.- Manuel Abelardo Vieito Lata, en representación da Asociación Comuneiros do Cha, solicitou o 04/01/2022, -en cumprimento dos trámites establecidos no artigo 9 da ordenanza reguladora dos aproveitamentos comunais do Monte de Brión- a incorporación,ao padrón de ás persoas cuxos datos se reflicten na proposta

O art. 21.1.r) da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local outorga ao alcalde a competencia para a execución dos acordos do concello. Nese senso, a execución da ordenanza publicada require a aprobación inicial do padrón de solicitantes e a apertura dun prazo para alegacións por un período de 15 días.

Logo do anterior, elévase á Concelleira delegada de Economía, Facenda e Patrimonio(BOP núm. 137 de 22.07.2019) a seguinte PROPOSTA:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación do padrón de comuneiros/as que de seguido se

SERVIZO DE FACENDA E PATRIMONIO NEGOCIADO DE PATRIMONIO

REF. 2018025008

relaciona en representación das súas respectivas unidades familiares, e incluílas como titulares dos dereitos de explotación dos montes comunais do Cha (monte de Brión):



NOME	NÚM. DNI	ENDEREZO
JACINTO SANTIAGO SEOANE	32.....41-F	Doniños
JOSÉ MARÍA LAFUENTE OTERO	32.....95-C	Doniños
PEDRO JAVIER RODRÍGUEZ BARRO	32.....81-M	Doniños
GUADALUPE HERNÁNDEZ SEGOVIA	32.....59-J	Doniños
PATRICIA RODRÍGUEZ CARRO	32.....80-C	Doniños
JOSÉ MASEDA VÁZQUEZ	77.....25-G	Doniños

Segundo.- Abrir un período de información pública de quince días, mediante a publicación da resolución no Taboleiro de anuncios e na Sede Electrónica do Concello de Ferrol a fin de que as persoas interesadas poidan formular as alegacións e presentar a documentación que consideren oportunas.”.

Considerada, asimesmo, a documentación que o acompaña.

DECRETO.- Logo de ver a proposta que o precede, veño en aprobala nos seus propios termos.”.

Comunicollo para o seu coñecemento e efectos, e fágolle saber que esta resolución pon fin á vía administrativa e contra dela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición diante do órgano que ditou a resolución dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade co disposto no art. 123 da Lei 39/2015 reguladora do procedemento administrativo común das administracións públicas. Sen perxuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo diante do xulgado do Contencioso Administrativo, dentro do prazo de dous meses a contar a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevenida no art. 45 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa (BOE 14-07-1998). Non obstante, poderá utilizar calquera outro que considere conveniente.

Ferrol, na data da sinatura dixital.

O secretario xeral